

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E GARPIN RED S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS NON LABORAIS

Asinado electronicamente na data 30/06/2022

Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, don José Ramón Pardo Cabarcos, secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 125/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro de 2020), no exercicio das competencias atribuídas por delegación da conselleira en virtude do artigo 3 da Orde de 29 de setembro de 2021 sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 195, do 8 de outubro de 2021) e a disp. adic. segunda do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190, do 18 de setembro de 2020).

Doutra parte, dona , con DNI núm. 766XXXX9J, como administradora solidaria de Garpin Red S.L., de acordo coa escritura notarial núm. 346 do ano 2017 outorgada ante o notario .

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Decreto 111/2021, do 22 de xullo polo que se modifica o anterior Decreto 215/2020, así como o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; establecen que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral,



relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego e colocación.

Que polo Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, o emprego e a formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Xunta de Galicia, en concreto pola Consellería de Traballo e Benestar en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Segundo.** Que como consecuencia da transferencia citada no expoñendo anterior, é a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación (Servizo Público de Emprego de Galicia) a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo e, en concreto, as relativas á inscrición e rexistro das persoas demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias e Rede EURES (European Employment Services).

**Terceiro.** Estas funcións propias do Servizo Público de Emprego de Galicia, desenvólvense cara ao público a través dunha rede de cincuenta e tres oficinas de emprego e dúas oficinas de apoio ao empregador.

**Cuarto.** O Servizo Público de Emprego de Galicia, dentro da dimensión da intermediación laboral, poderá establecer con outras entidades convenios, acordos ou outros instrumentos de coordinación que teñan por obxecto a adecuar os perfís das persoas demandantes de emprego ás necesidades do mercado de traballo e favorecer a súa inserción laboral.

**Quinto.** O Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas no seu artigo 2º establece que: "As empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos Servizos Públicos de Emprego, e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, ao obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral, nos seus centros de traballo coa finalidade de contribuír a mellorar a súa empregabilidade e ofrecerlles un primeiro contacto coa realidade laboral a través do achegamento á mesma, ao tempo que contribúe a completar a formación acadada pola persoa nova.

**Sexto.** A empresa GARPIN RED S.L. está interesada en desenvolver prácticas non laborais nos seus centros de traballo, conforme ao establecido no Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro.



O artigo 4º.1 do antedito Real decreto regula que as empresas que vaian desenvolver as prácticas non laborais, previamente á formalización do acordo coas persoas beneficiarias das mesmas, celebrarán un convenio co Servizo Público de Emprego competente por razón do ámbito territorial do centro de traballo onde se desenvolverán as prácticas.

Por todo isto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a realización de prácticas non laborais en centros de traballo de GARPIN RED S.L. situados na Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito de aplicación do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, conforme ás seguintes,

## CLÁUSULAS

**Primeira.** As prácticas non laborais irán dirixidas a persoas novas desempregadas, inscritas nas Oficinas de Emprego, con idades comprendidas entre 18 e 25 anos inclusive, que posúan a titulación ou o certificado de profesionalidade previsto no artigo 3º.1 do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro. Será requisito imprescindible que as ditas persoas novas non tiveran unha relación laboral ou outro tipo de experiencia profesional superior a tres meses na mesma actividade, non tendo en conta para estes efectos as prácticas que formen partes das currículas para a obtención das titulacións ou certificados de profesionalidade correspondentes. No suposto de persoas novas inscritas no Fichero Nacional do Sistema de Garantía Xuvenil a idade máxima para realizar estas prácticas non laborais será a establecida para as persoas beneficiarias do dito sistema, de acordo co previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste convenio as prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, dos estudos universitarios.

**Segunda.** A empresa GARPIN RED S.L. presentará ao Servizo Público de Emprego de Galicia un programa de prácticas non laborais onde constará, polo menos, o contido concreto das prácticas non laborais e a formación que o acompañará, a duración, o centro ou centros de traballo onde se realizarán, as xornadas e horarios para a súa realización, así como a indicación dos sistemas de avaliación e titorías, o importe neto que percibirá a persoa nova, e a certificación á que a persoa terá dereito pola realización das prácticas.

**Terceira.** Para a preselección de persoas candidatas, a empresa GARPIN RED S.L. remitirá ao Servizo Público de Emprego de Galicia a solicitude de candidatos achegando a seguinte información: definición de prazas, perfís profesionais e, no seu caso, identificación de persoas candidatas que cumpran os perfís indicados a xuízo da entidade.

**Cuarta.** O proceso de selección final das persoas que van participar no programa de prácticas non laborais corresponderá á empresa GARPIN RED S.L. que deberá informar á oficina de referencia do resultado da dita selección. Recibida dita información na oficina de emprego, esta procederá a pechar o procedemento de preselección realizado.

**Quinta.** A persoa nova seleccionada e a empresa GARPIN RED S.L. subscribirán por escrito un acordo no que se definirá, polo menos, o contido concreto da práctica a desenvolver, a duración da mesma, as xornadas, horarios para a súa realización, centro ou centros de traballo nos que se desenvolverá, o importe neto que percibirá a persoa nova, a determinación do sistema de titorías e a certificación á que a persoa nova terá dereito pola realización das prácticas. O dito acordo deberá ser comunicado á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación antes do inicio das prácticas.

**Sexta.** As prácticas non laborais en GARPIN RED S.L. non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre a persoa nova destinataria das prácticas e a empresa GARPIN RED S.L.

**Sétima.** Á persoa nova en prácticas seranlle de aplicación os mecanismos de inclusión na Seguridade Social contemplados no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, debendo GARPIN RED S.L. proceder á afiliación e/ou alta con anterioridade á comunicación indicada na cláusula quinta.

**Oitava.** A empresa GARPIN RED S.L. deberá informar aos representantes legais das súas persoas traballadoras do contido do convenio e dos correspondentes acordos antes do comezo das prácticas non laborais.

**Novena.** As prácticas desenvolveranse nos centros de traballo de GARPIN RED S.L. baixo a dirección e supervisión dun/ha titor/a da empresa. Para tales efectos, en cada centro de traballo será designada unha persoa titora por cada tres persoas novas en prácticas ou fracción entre o persoal cualificado do centro, que supervisará e apoiará tecnicamente ás persoas novas en prácticas, distribuirá as tarefas e colaborará na súa avaliación. Este límite poderá ser modificado a petición da empresa GARPIN RED S.L. por causa xustificada.



**Décima.** Pola empresa GARPIN RED S.L. e a persoa titora designada facilitarase á persoa nova en prácticas información e formación axeitada, así como equipos e medios de protección conforme ao previsto na normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

**Undécima.** A Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación levará a cabo accións de control e seguimento das prácticas non laborais a fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos e dos obxectivos perseguidos, especialmente, a contribución das prácticas á mellora da empregabilidade das persoas novas con ningunha ou moi escasa experiencia laboral. Calquera modificación das condicións establecidas para a realización das prácticas requirirá a previa modificación do correspondente acordo e a súa comunicación á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación por parte da empresa GARPIN RED S.L., en coherencia co disposto na cláusula segunda.

**Duodécima.** Á finalización das prácticas non laborais, a empresa GARPIN RED S.L. deberá entregar á persoa participante unha certificación da realización das mesmas na que constará o seguinte contido:

- Identificación da empresa
- Identificación da persoa nova que realizou as prácticas
- Centro de traballo
- Duración das prácticas
- Datas de realización
- Tarefas realizadas
- Sinatura e selo da empresa ou sinatura dixital

**Décimo terceira.** Á finalización do convenio, a empresa GARPIN RED S.L. deberá presentar ante a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación unha memoria descritiva das actividades realizadas e dos resultados obtidos, con especial mención das melloras observadas na empregabilidade das persoas novas, así como copia da certificación entregada á persoa nova con acreditación da súa recepción.

**Décimo cuarta.** Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poderá realizar as comprobacións e verificacións presenciais e aleatorias que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto neste convenio e demais normativa vixente que resulte de aplicación, e co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas no programa de prácticas presentado pola empresa GARPIN RED S.L.

Así mesmo, poderán levarse a cabo visitas de seguimento por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Neste caso, a empresa GARPIN RED S.L., facilitará o acceso ás instalacións nas que se realizan as prácticas, así como toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación e se lles solicite.

**Décimo quinta.** A subscrición deste Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas participantes que vaian desenvolver as prácticas non laborais na empresa GARPIN RED S.L. e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo, nin suporá nin se derivará gasto nin compromiso económico algún para a mesma.

**Décimo sexta.** Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por dous representante designados por cada unha das partes formalizantes do convenio. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Contra a resolución que poña fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

**Décimo sétima.** A vixencia deste Convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata a data de remate das prácticas non laborais, e pódese denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas ou das condicións que determinaron o seu establecemento. A denuncia deberá efectuarse comunicándoa á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente o presente documento na data sinalada na marxe.

**POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE    POLA EMPRESA GARPIN RED S.L.**

**José Ramón Pardo Cabarcos**